

LITERATURA SÉCULOS XV A XIX: SÉCULOS ESCUROS, ILUSTRACIÓN, PRERREXURDIMENTO E REXURDIMENTO.

Vid. Unid. 17-18 libro de texto (Xerais).

SÉCULO XV

Cancioneiro de Baena. O cancionero (datado en tempos de Juan II, pai de Isabel a Católica) recompila poemas de fins do XIV e principios do XV. Son os epígonos da escola trobadoresca (escola galego-castelá). Vid. cadro lírica-prosa medieval (séc. XV, Cancioneiro de Baena).

No século XV, loita dinástica pola coroa de Castela (Isabel a Católica-Xoana a Beltranexa). De novo, a nobreza galega apoia á perdedora. Os Reis Católicos toman represalias:

- Postos clave de administración e da igrexa pasan a ser ocupados por xente de fóra de Galicia (descoñecen o galego, impoñen o castelán).
- Política lingüística uniformadora: considérase a lingua (castelán) compañeira do “imperio”. A partir do séc. XV: Galicia está dentro do reino de Castela. Comeza un período de maxinación da lingua galega, a favor do castelán (lingua do reino). En Castela, primeira gramática en castelán (Nebrija, 1492)¹, literatura renacentista en castelán, imprenta... O galego queda fóra de todo este movemento cultural. Contrariamente, en Portugal, o portugués é a lingua do reino e desenrólase con total normalidade no Renacemento (Gramática, literatura, imprenta...).

SÉC. XVI-XVII

Séc. XVI:

- Conde de Gondomar (pequena corte literaria): textos líricos (literatura culta).

Séc. XVII:

- *Exequias da raíña Margarida* (1612), composto a raíz da morte da esposa de Filipe III. Literatura culta.
- Festas Minervais (1697): publicación impresa dos textos presentados ás Festas Minervais (concurso poético que organizaba a Universidade de Santiago). Lit. culta.
- *Décimas ao apóstolo Santiago* (pola controversia acerca de se Santiago debía ser o único patrón de España ou se debía compartir tal padroado con santa Teresa de Jesús).
- *Entremés famoso sobre a pesca no río Miño* (1671). Teatro. Enfrontamentos entre os habitantes das dúas beiras do Miño polos dereitos de pesca.
- “Pranto da Frouseira” (literatura popular), sobre a figura do Mariscal Pardo de Cella (séc. XVI ou XVII).
- Anónimo, sobre o saqueo da vila de Cangas polos turcos en 1617. Composto no XVII ou no XVIII.

Séc. XVIII: A ILUSTRACIÓN.

Autores: O cura de Fruíme (Diego Antonio Cernadas e Castro), o Padre Feixoo, Francisca de Isla, Xosé Andrés Cornide e Saavedra, o Padre Sarmiento.

O Padre Sarmiento:

- Defende e reivindica o idioma galego. Ensinar a ler/A igrexa.
- Obra: Coloquio de 24 gallegos rústicos (Coplas galegas do Padre Sarmiento).

1 Escribe Nebrija no “Prólogo” á súa Gramática: “Cuando bien conmigo pienso, mui esclarecida Reina, i pongo delante los ojos el antigiiedad de todas las cosas, que para nuestra recordación y memoria quedaron escriptas, una cosa hállo y: saco por conclusión mui cierta: que siempre la lengua fue compañera del imperio; y de tal manera lo siguió, que junta mente començaron, crecieron y florecieron, y después junta fue la caída de entrambos”.

Séc. XIX: PRERREXURDIMENTO

Prerrexurdimento: desde 1808 (Guerra da Independencia) ata 1863 (publicación de *Cantares Gallegos*).

Literatura de carácter propagandístico, en referencia a:

- A loita contra o invasor francés durante a Guerra da Independencia (1808-1814).
- Os enfrontamentos entre absolutistas e liberais.

Poesía anterior a *Cantares Gallegos* (1863)²:

- Nicomedes Pastor Díaz (1828): “Alborada”.
- Xoán Manuel Pintos (1853): *A gaita gallega*.
- Xogos Florais da Coruña (1861) e publicación dos poemas que concorren ao certame (1862): *Álbum de la Caridad*. Neste último aparecen poemas de autores que concorren ao certame (entre eles Francisco Añón, Pintos, Rosalía de Castro e Pondal).
- Alberto Fernández Morales (1861): “Ensaio poéticos en dialecto berciano” (costumismo e denuncia social).

O Provincialismo (entre 1840 e 1846).

Instalados os progresistas no poder coa rexencia de Espartero (minoría de idade de Isabel II), prodúcese unha efervescencia política e ideolóxica. Vid. pronunciamento militar progresista de Solís (1846), derrota e fusilamento dos “mártires de Carral” .

Os provincialistas tiñan como obxectivo a recuperación de Galicia como única provincia que mantivese a unidade administrativa, social, cultural e económica. O provincialismo reivindicaba a antiga provincia como realidade política e cultural única, diferenciada fronte as catro provincias en que se divide o reino de Galicia, administradas desde Madrid (vid. División provincial de Javier de Burgos, no ano 1833 (ano da morte de Fernando VII).

Os provincialistas intentaron concienciar á poboación con periódicos culturais e asociacións (como o Liceo de la Juventud de Santiago, onde se formaron Murguía, Aurelio Aguirre, Pondal e Rosalía de Castro).

Séc. XIX: O REXURDIMENTO

1863: *Cantares Gallegos* (Rosalía de Castro). Nesta etapa:

- Primeiras gramáticas (1864, 1868).
- En historia, Benito Vicetto e Murguía.
- En literatura, Rosalía de Castro, Pondal e Curros.

O Rexionalismo.

Movemento político deriv

Para eles, Galicia é unha **rexión** ou nacionalidade con dereito a unha autonomía política e á rexeneración dos trazos propios. Murguía é o máximo representante deste movemento.

² Teatro. Antonio Bieito Fandiño (1849): *A casamenteira*.

P R E R E X U R D. R E X U R D.	Primeiros textos en lingua galega	1808	Invasión napoleónica: Inicio da Guerra da Independencia.
		1812	Constitución de 1812 (A Pepa).
		1814	Fin da guerra, retorno de Fernando VII. Absolutismo.
		1815	Pronunciamento de Porlier.
		1820-1823	Trienio liberal.
		1823-1833	Década absolutista.
	Provincialismo (político e cultural)	1833-1840	Rexencia de María Cristina.
		1840-1843	Rexencia de Espartero. Comezo do reinado de Isabel II.
		1846	Pronunciamento de Solís. Fusilamentos de Carral.
		1868	Pronunciamento de Topete. Sexenio democrático.
	Provincialismo e republicanismo	1870-1873	Amadeo I de Savoia.
		1873-1874	I República.
	Rexionalismo	1875-1885	Restauración monarquía borbónica. Reinado Afonso XII.
		1885-1902	Rexencia de María Cristina.